



Consello Social
Universidade de Vigo

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO
CONSELLO SOCIAL DO 11.10.2018**

LUGAR: Edificio de Xerencia e Servizos Centrais (2º andar) - Campus de Vigo

DATA: 11.10.2018

HORA DE COMEZO: 12:15 h.

HORA DE REMATE: 13:10 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez

D. César Blanco Gómez

D. José M^a Franco García

D^a Marta Iglesias Bueno

D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo

D^a Mercedes Castro Mouzo

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O xoves, día 11 de outubro de 2018, ás 12:15 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (06.09.2018).
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, da reasignación definitiva das Bolsas-colaboración asignadas á Universidade de Vigo polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, para o curso 2018/2019.
4. Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio económico para a organización da "Feira internacional do emprego universitario", a celebrar en Porto e Vigo.
5. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para desenvolver no Campus de Pontevedra a "I Conferencia internacional de videoxogos e publicidade: comunicación e persuasión".
6. Acordo que proceda sobre a solicitude presentada por AEMPE para a organización en Pontevedra das III Xornadas técnicas de achegamento das PYMES á Universidade de Vigo.
7. Rogos e preguntas.

Agradece don Ernesto Pedrosa a asistencia dos presentes e o manifesto compromiso que, reunión tras reunión, amosan os membros da Comisión.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (06.09.2018).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Don Ernesto Pedrosa da conta da evolución das axudas concedidas pola Comisión durante o actual exercicio; así mesmo notifica que o proxecto "Xóvenes para xóvenes", en colaboración coa ONG Helsinki España (ao que se lle concedeu unha axuda de 5.500 € na reunión do pasado mes de febreiro) levarase a cabo nos primeiros días do próximo mes de decembro, unha vez sumado o apoio da Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Igualdade e Cooperación, e tendo en conta que o apoio do Consello Social estaba suxeito á colaboración da propia Universidade de Vigo. Lembra que se trata dun proxecto de voluntariado universitario para a educación sobre dereitos humanos en centros educativos de Bacharelato e Secundaria.

- ***A Comisión dáse por informada.***



PUNTO 3

Aprobación, se procede, da reasignación definitiva das Bolsas-colaboración asignadas á Universidade de Vigo polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, para o curso 2018/2019.

Como continuación do proceso iniciado pola Comisión o pasado mes de xuño, en primeira instancia, para a asignación de Bolsas-colaboración 2018/2019 aos Departamentos da Universidade de Vigo, efectúase a adxudicación definitiva tras as vacantes producidas despois do primeiro reparto. Finalizado o prazo e o procedemento de análise das solicitudes, hai 10 vacantes noutros tantos departamentos, e 27 solicitantes pertencentes a 14 departamentos.

O secretario informa do proceso de reasignación e os criterios aplicados para as puntuacións, así como os baremos empregados e a ponderación das normas fixadas polo Consello Social, ata establecer as posicións por orde de preferencia de cada unha das solicitudes. A incorporación das notas como criterio selectivo significase nesta ocasión fronte ao da produción científica, para evitar que os departamentos teñan unha maior prevalencia que os alumnos. O secretario subliña que neste caso a concesión de dúas bolsas a un mesmo departamento xustifícase por ter dous alumnos exactamente a mesma nota no tramo máis alto da lista de aspirantes.

Á vista das explicacións aportadas e do listado proposto, a Comisión ACORDA:

Aprobar o seguinte reparto: con unha bolsa, Historia, arte e xeografía; Economía financeira e contabilidade; Análise e intervención psicosocioeducativa; Bioloxía funcional e ciencias da saúde; Bioloxía vexetal e ciencias do solo; Bioquímica, xenética e inmunoloxía; Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos; Enxeñaría química. Con dúas bolsas, Didácticas especiais.

Lista de agarda: Bioquímica, xenética e inmunoloxía, Bioloxía vexetal e ciencias do solo, Enxeñaría química, Psicoloxía evolutiva e comunicación.

PUNTO 4

Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio económico para a organización da "Feira internacional do emprego universitario", a celebrar en Porto e Vigo.

Explica o presidente que as universidades de Vigo, Porto e Tras-Os-Montes e Alto Douro propoñen unha nova edición da "Finde.U, un espazo compartido e novidoso para achegar aos estudantes ao tecido empresarial e fomentar a empregabilidade na eurorrexión. O programa desenvolverase en Porto e en Vigo na segunda quincena de outubro. Na edición anterior rexistráronse vinte e cinco mil candidaturas a ofertas de emprego. Propón ademais que o Consello Social teña unha presenza específica no certame, mediante o patrocinio en exclusiva nos lanyards das acreditacións que se entregarán tanto en Porto como en Vigo.

- ***Apróbase unha axuda de 2.300 € para a organización, e 1.200 € para o patrocinio.***

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para desenvolver no Campus de Pontevedra a "I Conferencia internacional de videoxogos e publicidade: comunicación e persuasión".

A convocatoria reunirá en Pontevedra a expertos nacionais e internacionais en Publicidade e os Games Studies, e centros de formación que se ocupan do deseño e desenvolvemento de videoxogos e a industria. Reunidos para buscar novas formas publicitarias a través dos videoxogos. Os alumnos de Telecomunicación, Comunicación audiovisual, Publicidade, Educación e Deporte e



Belas Artes están entre os destinatarios preferentes. O presidente resume os aspectos máis destacados da proposta presentada, e ábrese unha rolda de intervencións coincidentes na importancia que están adquirindo os videoxogos no campo formativo.

- ***Asígnase unha axuda de 2.500 €.***

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a solicitude presentada por AEMPE para a organización en Pontevedra das III Xornadas técnicas de achegamento das PYMES á Universidade de Vigo.

Comunica don Ernesto Pedrosa o contido da proposta e referenda o seu interese. Resume que a pequena e mediana empresa de Pontevedra prepara unhas Xornadas técnicas abertas, baixo un enfoque práctico, para crear un espazo de encontro entre o tecido empresarial e o talento universitario no marco xeográfico do Campus e a UVigo. Empresas e estudantes terán a oportunidade de manter contacto directo e achegarse conxuntamente á adquisición de novas competencias e capacidades en tempos de cambio. Atendidas as explicacións, a Comisión ACORDA:

- ***Aprobar unha axuda de 2.600 €.***

PUNTO 7

Rogos e preguntas.

Informa don José María Franco da reunión mantida pola Asociación Alumni da UVigo co Reitor don Manuel Reigosa, na que -entre outros asuntos- lle expuxeron a posibilidade e o interese por editar unha publicación anual vencellada có Observatorio de Egresados, e achegáronlle a proposta de crear un Instituto de Estudos Iberoamericanos. Argumenta a importancia e a utilidade de ámbalas dúas iniciativas, e da traslado da receptividade atopada no Reitor para levalas a cabo.

Respecto ao Observatorio de Egresados prodúcese unha serie de intervencións no senso de poñelo en marcha "canto antes", ao que se adhíren de forma unánime os presentes, de xeito directo o propio don José María Franco, don César Blanco, o secretario xeral da Universidade de Vigo, don Miguel A. Michinel, e o presidente, don Ernesto Pedrosa.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:10 horas do 11 de outubro, da que eu como secretario dou fe, co visto e praxe do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias